

MANDADIÑOS DO MECO

Aproveitando a semana de Entroido-Rosalía o mandadiño dará a coñecer unhas estrofas do poemario de Rosalía de Castro, no que irán explícitos unha serie de complementos:

LUNS:

**Canta si queres, na lingua que eu falo;
dareiche un MANTELO, dareiche un REFAIXO.**

(Vale calquera tipo de mandil).

MARTES:

**Nasín cando as prantas nasen, no mes das FROLES nasín;
nunha alborada mainiña, nunha alborada de abril.**

(Podemos traer unha flor como queiramos, feita polas nenas e nenos, artificial, e a poden traer no pelo, como se fora un broche, colgada...).

MÉRCORES:

**Miña Santiña santa, miña santasa, miña cariña de calabasa;
hei de emprestarvos o meu COLLAR;
hei de emprestarcho cara bonita, si me deprendes a puntear.**

(O colar tamén como se queira ,canto máis entroideiro mellor).

XOVES:

**¡Que feira, rapaza, si cantas faremos...!
FESTIÑA por fóra, festiña por dentro.**

Este día só compre traer todo xunto como o mércores, xa que os mandados son acumulativos. E completaremos cunha máscara de Rosalía que se van a facer nas aulas.

OS MANDADIÑOS SON ACUMULATIVOS!